

PRESENTACIÓN

Baixo o título de “América Latina: economía política e innovación empresarial” reúnese un amplo conxunto de traballos e de investigacións sobre diversos aspectos da realidade e da encrucillada socioeconómica que atravesa América Latina.

Con este número monográfico da *Revista Galega de Economía* desexamos contribuír a desenvolver unha reflexión sobre un espazo co que España e Galicia manteñen vellos lazos, estreitas relacións e identidades compartidas.

Nesta liña desexamos participar na realización dun obxectivo estratéxico que se propuxo a Universidade de Santiago de Compostela e que asumen como propio a *Revista Galega de Economía* e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Trátase de contribuír ao desenvolvemento dun espazo latinoamericano de educación superior no que se vaian conxugando os esforzos no ámbito da docencia e da investigación. Deste modo, esperamos favorecer a creación de redes de intercambio e de cooperación e desenvolver tamén unha opinión receptiva cos problemas económicos e políticos aos que ten que facerlle fronte este gran continente. Niso poñemos o noso empeño.

Durante as últimas décadas América Latina viviu uns cambios vertixinosos no terreo político, económico e social. En efecto, a finais da década dos anos oitenta asístese á desaparición e ao esgotamento dun bo número de ditaduras e de tiranías que, coma todas, non só deixan como herdanza un tráxico balance de violencia social e política e de parálise social senón tamén unhas prácticas corruptas que ás veces poden converterse en modos arraigados e institucionalizados de conduta social e económica.

Na América Latina a profunda desigualdade afectalle á lexitimidade das institucións políticas e á normalización democrática. Aínda que América Latina non é o espazo rexional máis pobre entre os pobres do planeta, si é o máis desigual no reparto da renda e nas condicións de acceso ás oportunidades vitais.

O medio urbano, no que se concentra o 75% da poboación, é o escenario no que se representa o drama humano da desigualdade e da pobreza. Á insatisfacción das necesidades fisiolóxicas, de seguridade e de integración social asociadas á pobreza engádenselle os profundos sentimentos de privación relativa derivados dos acusados contrastes entre a opulencia e a miseria. É precisamente nas grandes urbes e no medio metropolitano onde se manifestan os síntomas dun cambio social frustrado.

A extrema desigualdade de oportunidades no acceso aos recursos educativos, aos apoios financeiros e aos recursos políticos e de participación na vida cidadá constitúe o factor máis relevante que permite explicar o baixo grao de compromiso coas institucións e a desconfianza social xeneralizada, tal e como se pon de relevo de modo repetido en diversos barómetros de América Latina.

A incerteza en canto ao comportamento das variables económicas fundamentais, combinada coa desconfianza en relación cos concidadáns, cos líderes políticos e co comportamento das institucións públicas, contribúe a dificultar os intercambios, a incrementar o risco de calquera operación económica e a desincentivar o investimento e, sobre todo, as prácticas de innovación e de desenvolvemento tecnolóxico. Unha estrutura social moi cara en termos de custos de transacción.

Este déficit de capital social, isto é, de vínculos e de redes sociais saudables e de normas socialmente compartidas, levaríanos a unha reflexión sociolóxico-económica máis ampla que afecta ás relacións entre eficiencia e equidade, entre crecemento económico e participación social; cuestións fundamentais á hora de formular algúns problemas e de buscar solucións razoables que permitan canalizar esas sociedades nunha traxectoria de modernización social e de desenvolvemento sostido.

Con esta cortina de fondo empréndese nos anos noventa un proceso difícil e inacabado de normalización democrática no contexto dun balance social e económico en quebra. As políticas que se poñen en marcha durante a década dos anos noventa nun bo número de países, deseñadas co propósito programático de reducir os crecentes niveis de endebedamento e de crear as bases para un forte crecemento sostido, consistiron no impulso de medidas de liberalización económica, de contención do gasto público e de privatización dos servizos sociais e dos sectores nacionalizados.

Os efectos destas reformas, lonxe de darse por sentados, están sometidos hoxe a un debate científico-académico, social e político, tal e como se reflicte nos traballos que se presentan neste número monográfico.

A produción de produtos cun maior valor engadido e a redución da dependencia respecto dos recursos naturais constitúe, baixo as condicións actuais do desenvolvemento no ámbito internacional, unha das vías polas que han tratar de apostar os diversos actores responsables do desenvolvemento. Pero polo momento, nunha situación de incerteza e de asfixia social e económica, a destrución das estruturas sociais e económicas tradicionais, ligadas aos sectores extractivos e aos vellos sectores corporativos nacionalizados, non parece que se acompañara da dotación de novas estruturas de oportunidades produtivas tecnoloxicamente viables no contexto das novas condicións de competencia a escala global.

En consecuencia, o debate sobre as formas de regulación económica e as condicións que poden favorecer o desenvolvemento dunha traxectoria de desenvolvemento tecnolóxico e de modernización social segue aberto.

No contexto dunha economía globalizada e dun novo marco de regulación, parece necesario contribuír a unha reflexión na que se incorporen novos actores con horizontes globais. A universidade é unha institución que debido á súa natureza cosmopolita pode incidir na construción deste espazo de relacións. E niso cómpre poñer canto antes, e sen perda de tempo, o noso empeño e a nosa determinación.

Neste número recolleemos un total de vinte e dous traballos, froito da investigación sobre a economía en campos diversos, desde a economía política e a teoría económica ata a socioloxía económica, pasando pola historia económica, pola demografía, pola econometría, pola ciencia política e pola organización da empresa. Traballos e investigacións realizadas por profesores e por investigadores ligados a universidades de América Latina, de Francia, dos Estados Unidos e de España coas que a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela mantén relacións de cooperación. Os temas afectan a aspectos tan variados como a pobreza, a evolución macroeconómica e os procesos de integración, a organización e os tecidos industriais e de servizos emerxentes, a mobilidade e os mercados de traballo ou a protección ambiental.

Os problemas asociados á saúde, á educación ou á pobreza, tan relacionados entre si, foron obxecto dunha reflexión neste número monográfico. É o caso dos traballos de Alberto Palloni, Mary McEniry, Rebeca Wong e Martha Peláez da Universidade de Wisconsin-Madison (EE.UU.) os dous primeiros e da Universidade de Maryland (EE.UU.) e da Pan American Health Organization (EE.UU), respectivamente, as dúas últimas autoras; de Néstor López do Instituto Internacional de Planeamento da Educación (IPE-UNESCO, Bos Aires); ou de Ana Karina Alfaro e José Javier Núñez Velázquez da Universidade de Alcalá de Henares (España).

Outros interésanse pola análise e valoración das políticas macroeconómicas no contexto da globalización e polos problemas do crecemento e do desenvolvemento. É o caso dos traballos de investigación asinados polo profesor Alain Sand Zantman da Universidade de Lyon2 (Francia), e por María del Carmen Guisán Seijas e Eva Aguayo Lorenzo da Universidade de Santiago de Compostela (España).

Sobre os diversos procesos de integración que están tendo lugar en diversos espazos de América Latina ocúpanse os traballos de Juan Carlos Moreno Brid, Pablo Ruiz Nápoles e Juan Carlos Rivas Valdivia, da CEPAL o primeiro e o terceiro autores e da Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais de México o segundo; de Dolores Riveiro García da Universidade de Santiago de Compostela (España); de Nélica Lamelas Castellanos, Eva Aguayo Lorenzo e María Teresa Cancelo Márquez da Universidade de Santiago de Compostela (España); e o de Juan Piñeiro Chousa, Davit Melikyan e Artur Tamazian da Universidade de Santiago de Compostela (España) o primeiro e o terceiro autores e da Universidade Estatal de Yerevan (Armenia) o segundo autor. Finalmente, nun ámbito sectorial, o traballo de Argemiro Luis Brum, Cistiano da Luz Lemes, Cleber Vinicios K. da Silva e Patricia Kettenhuber Muller da Universidade Regional do Noroeste do Estado do Rio Grande do Sul (Brasil).

As novas estratexias de desenvolvemento e os procesos de integración económica tradúcense en procesos de innovación na organización e na xestión da empresa e nos tecidos produtivos ligados ao territorio, temas sobre os que se interesan outros artigos. Destes temas ocúpanse as investigacións de Jean Ruffier da Universidade Jean Moulin Lyon 3 (Francia); de Daniel Villavicencio e de Mónica Casalet da Universidade Autónoma Metropolitana de México e da Facultade Lati-

noamericana de Ciencias Sociais de México, respectivamente; de Delphine Mercier do Laboratoire de Economie et de Sociologie du Travail (LEST-CNRS) de Aix-en-Provence (Francia); de Marcia de Paula Leite da Universidade Estadual de Campinas (Brasil); e o de Mariela Quiñones Montoro e Marcos Supervielle Milburn da Universidade da República (Uruguai).

Polo mercado de traballo, pola mobilidade ocupacional e polos procesos migratorios interésanse os artigos de Nadya A. Guimarães da Universidade de São Paulo (Brasil); de María Xosé Rodríguez Galdo e Abel Losada Álvarez da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo (España), respectivamente; e o de Laura Oso Casas e María Villares Varela da Universidade da Coruña (España).

Finalmente, outros traballos abordan temas dunha grande actualidade relacionados co mercado e coa política dos medios de comunicación, como é o artigo de César Ricardo Bolaño Siqueira da Universidade Federal de Sergipe (Brasil); coa estrutura política federal do Brasil, como o estudo de Regis Frota Araujo da Universidade Federal do Ceará (Brasil); coas relacións entre a economía e a política, como é o caso do traballo de Luis E. Lander da Universidade Central de Venezuela (Venezuela); ou cos problemas do crecemento sostible co estudo recollido no artigo de Icaro Cunha da Universidade Católica de Santos (Brasil).

A todos eles, a aqueles que contribuíron coa súa formación e co seu esforzo a darlle vida a este número monográfico, queremos no nome da *Revista Galega de Economía* mostrarlles o noso agradecemento, convencidos de que sen eles este proxecto non tería saído adiante. Grazas de novo pola súa disposición e polo seu compromiso.

Luis Caramés, Juan Piñeiro e Roberto Herranz
Coordinadores

